

## Á DELEGACIÓN DE TRABALLO DE OURENSE

Os datos de sinistralidade demostran que éste é un dos graves problemas laborais da nosa provincia, e que, ademais, lonxe de avanzarse na súa solución, o balance do ano en curso semella que vai aínda en aumento.

Na última semana produciuse unha media de 1 ferido grave por día, en accidentes que teñen difícil explicación que non sexa a do incumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais (caída de altura, atrapamento de máquina, corrimento de terras etc...).

Non estamos dispostos a que estes feridos e mortos queden no esquecemento e sexan só números fríos dunha estatística. Queremos coñecer ao detalle as causas que provocaron os sinistros e que se adopten as medidas legais pertinentes.

Tanto o Ministerio de Traballo e Seguridade Social, como a Fiscalía Xeral do Estado, insisten na necesidade dunha interlocución permanente destas institucións cos representantes dos traballadores, sen que aquí, na provincia de Ourense, se teña dado nunca tal contacto entre as partes citadas.

Ben é certo que esa Consellería sí que participa dun foro no que se analiza a política preventiva, como é o Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral e os seus respectivos Comités Porvanciais.

Sen embargo, a fluidez e continua relación entre Autoridade Laboral, Inspección e Fiscalía coas Centrais Sindicais, non se está a dar, o que para nós representa unha eiva importante no proceso de vixilancia do cumprimento da lexislación.

Por todo isto, propoñemos que esa Delegación, en calidade de Autoridade Laboral, asuma a convocatoria destes organismos e institucións, para, no prazo de tempo máis breve posíbel, asumir conxuntamente accións encamiñadas a combatir a lacara que representa o grande número de vítimas destes accidentes.

Ourense, a 11 de outubro de 2007.

Etelvino Blanco Rodríguez  
Secretario Comarcal CIG-Ourense